



Unha noite fun ó muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
si que é muiñada.

-E ti sábelo todo?

Unha noite fun ó muíño,
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que foi muiñada.

-Moi ben! (Rin).

I 192e

Unha noite fun ó muíño,
cun fato de nenas novas,
elas todas en camisa
e eu no medio en cirolas.

-(Rin). Esta es una de las más antiguas.

-Claro!

-Sigue, sigue.

-Pois si, está moi ben.

VI 288b

/: Baila ben e quita puntos :/
queira Dios n' hoxe nun ano
que faghás a cama xuntos.

-Esto son unhas pandeiretadas.

-Si.

-Eso é unha pandeiretada, o que queres cantar todo?

-Claro que si, eu a pandeireta tocábaa moi ben tamén.

-E que máis? Que máis había?

-Ai, queres que siga?

-Claro, todo.

I 265 / VI 864

Seghei a herba no prado,
tamén a seghei na presa,
larghei a túa conversa
se a larghei non me pesa.

VI 725

Pensas porque me olvidaches
que mi cara se pon triste,
no despreciando a la tuya
y otros mejores me asisten.



VI 872

Pensas porque me olvidaches
que a mi cara le vai mal-e,
éche como si subira
de sargento a general-e.

VI 737

Como te paseas ghuapo
cun amor que xa foi meu-e,
anque que ti lévela rama
e a flor léveichella i eu-e.

-(Rin). Moito te paseas, eh?

-Si, pero ahora non...

VI 2023

Pereiriña do pé torto,
eiche d'ir dar un abalo,
ou me has de da-las peras
ou che hei botar o machado.

VI 1062

Moito me gustan tus rizos
porque te rizan la cara,
se esparcen por medios d' ellos
cuando yo voy a besarla.

VI 532

Salgueiro prende de póla
e ameneiro de raíz-e,
amores que fostes doutras
para min xa non servís-e.

I 266 / VI 726

Seghei a herba na presa,
tamén a seghei no prado,
larghei a túa conversa,
tomei outra de contado.

IV 455e

En Sabrexo hai boas mozas,
en Carbia hai ghana delas,
indo por alí abaixo
carabillas e cancelas.

-(Rin). Claro, solo xa esta parte...

IV 671c

Señor cura da parroquia
ten a sotana rachada,
que lla rachou unha silva
i andará tras da criada.

IV 719c

O cura cando vai fóra
monta a criada na burra,
na primeira carballeira
dálle unha sacudidura.



-(Rin). Ai, esta moito cantaba...

IV 732d

Señor cura da parroquia,
a doutrina non lla sei-e,
pídame unha cantighuela
que eu lle repenicarei-e.

-Moitas sabe, eh.

IV 692d

O cura de Vigho é xastre
i o de Marín mariñeiro,
o de Orense afilador
i o de Carbia carracheiro.

-O de Carbia é o noso.

-(Rin). O de Carbia é o noso.

-Ai, si, si, si.

-Ai, ese é o...

...Vaia, vaia. Era mellor. Non tedes apuro, ou?

VI 264

Aqueles que andan no baile
caramba que bailan ben-e,
el parece o cu do pote
e ela o rabo da sartén-e.

-Estas cantámosllas cando era así unha...

IV 276a

Canta o cuco en Cumeiro
e a bubela en Ferreirós-e,
i o que quiera cantar ben
que veña xunto de nós.

-Cumeiro e Ferreirós son tamén dúas aldeas de por aquí.

-Si, son da clase.

Muiñeira (pandeireta)

-Mira que ben.

-Toca moi ben, eh.

-Que vas tocar?

-Como?

-Que baile vas tocar?

-Unha muiñeira.

-Unha muiñeira?

-Non sei se empezar un...

Muiñeira (pandeireta)

-Iso é a muiñeira. É unha muiñeira.

-Canta agora.

-Ahora vaille poñer o ritmo.



/: Baila ben e quita puntos :/
queira Dios n' hoxe nun ano
que faghás a cama xuntos.

-Xa lle dillen.
-Que dicía no último?

Xota (pandeireta)

-Eso que é?
-Que?
-Eso que vai tocar que é?
-Jota.
-Ahora un pasodoble.
-Non, queda coa jota e canta unha ca jota.
-Coa jota?
-Si.
-Unha coa jota? Bueno...

-Esta das d' antes.
-Si.

Xota (pandeireta)

VI 292

/: Non mires tanto pa i-ela, :/
/: qu' anque a traes do baile
non has rabear con ela.:/

Ó pasar o reghueiriño
puxen o pé de chancleta,
arrimeime que caía...

-Xa está, esa xa está collida.
-Non, non, sigue, sigue.

IV 370a

Ó pasar o reghueiriño
puxen o pé de chancleta,
arrimeime que caía
ó cañón dunha escopeta.

Ó pasar o reghueiriño
puxen o pé de chancleta,
arrimeime que caía
ó cañón dunha escopeta.

Aturuxo

-Sigue, sigue.

A toca-la pandeireta
a la puerta del cuartel-e
me dieron cuatro pesetas
las hijas de un coronel-e.

VI 221b

A toca-la pandeireta
e maila pandeiretiña,
ghanei unhas saias novas
que mas dou miña madriña.



V 260

Manuel, Manueliño,
cara de lambe-las olas,
dáseme tanto por ti
como o ghato por cebolas.

-Pero, eu voulle...
-...a letra.

Manuel, Manueliño,
cara de lambe-las olas,
dáseme tanto por ti
como o ghato por cebolas.

Dos amores que se quieren
con amor firme y consejo,
dime cuál lleva más pena
el que parte o el que queda.

El que parte va mirando
campos, jardines y flores
y el que queda suspirando
auxilios de sus amores.

Levántame la chaqueta,
verás la sangre correr-e,
verás una puñalada
que llevé por te querer-e.

-Esa eran cando lles cantaban ás mozas. (Ri).
-Claro, pero esa non se cantaba con pandeireta, non?
-Non, non, esa era unha canción.
-Unha canción básica.
-Claro, corrente, si.

Pandeireta e tatereo

-Moi ben, si señor.

VI 2075

Aquel do sombreiro ó torto
e dos olliños churrusqueiros,
a palla que ten metido
non cabe en sete palleiros.

-E como é a letra?
-E que esa dos ollos churrusqueiros cantábana os ceghos, vós non vos acordades.

VI 2076

Aquel do sombreiro ó torto
e dos ollos churrusqueiros,
a palla que ten metido
non cabe en sete palleiros.

-Con pandeireta ou sen pandeireta?
-Como queiras. Como che guste máis.



-Claro, se te cansas da pandeireta ao mellor...

Aquel do sombreiro ó torto
inda m' aghora acordou-e,
inda lle hei de preguntar
cantas nenas enganou.

-(Rin). Si, eran todas así.

...sentí cantar un sinsonte,
cantaban Jesús María,
se oían Jesús del Monte.

-De alá de Cuba era esto todo.

-Que tono tiña eso?

-Que tono tiña? Ai, cubanas.

-Y como era?

-Esto como era?

Una mulata me dijo
que no me fuera a España,
que ella para mí tenía
la rica flor de la caña.

Al amanecer el día
sentí cantar un sinsonte,
cantaban Guesús María,
lo sentín Guesús del Monte.

Cuba no debe favores
a ninguna extraña tierra,
Cuba es un gardín de flores
y en Cuba todo se entierra.

-Si, ah, as cubanas eran moi bonitas, cantábanas, que agora son...

-Troxeron estas cantigas de Cuba?

-Si, si, si. Cando o tío veu, este tío meu, foi o ano 11. Que nos cantaba esas e nós eramos menos ca estas aínda.

-Entonces estas últimas sábelo deste tío ou como?

-Si, estas aprendeunas por seu tío.

-Si?

-Si, eso, si, si. E foi o ano 11 cando el nolas cantaba.

Una mulata me dijo
que no me fuera a España,
que ella para mí tenía
dos colchones y una cama.

Mulata de Camaghuei,
cómo estás tan amarilla
de comer plátanos verdes
y jughar en la Manighua.

Os segadores de Camba,
cando baixamos pra Ulla,
sempre levámoslos fociños
con moi pouquiña carabuña.



**Museo
do Pobo
Galego**



instituto de
estudos das
identidades